



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Proxectos 5		Código	630G02021
Titulación	Grao en Estudios de Arquitectura			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Pedros Fernandez, Oscar	Correo electrónico	oscar.pedros@udc.es	
Profesorado	Crespo Gonzalez, Cristobal	Correo electrónico	cristobal.crespo@udc.es	
	Martinez Raido, Jose Luis		jose.luis.martinez.raido@udc.es	
	Mesejo Conde, Mónica		monica.mesejo@udc.es	
	Pedros Fernandez, Oscar		oscar.pedros@udc.es	
	Prieto López, Juan Ignacio			juan.prieto1@udc.es
Web	dpauc.udc.es/			
Descripción xeral	<p>Nesta materia consolidarase a elaboración da metodoloxía proxectual individual de cada alumno, permitíndolle comprobar como o achegamento ao proxecto baixo unha perspectiva disciplinar permite abordar programas moi diversos en canto a escala e complexidade. Neste cuatrimestre reflexionarase sobre o papel do edificio con respecto á súa contorna, de tal xeito que se pondere a influencia do mesmo en condicións que van desde a intervención nun conxunto urbano consolidado e con interese patrimonial a un área en desenvolvemento na periferia urbana e sen elementos construídos que a caractericen.</p> <p>Así mesmo, traballarase sobre o concepto do uso colectivo, os espazos comúns e de relación e as condicións de privacidade, as circulacións, os espazos de acceso e reunión, os aspectos de representatividade e imaxe, o carácter dos espazos exteriores, pavimentos, axardinamento, patios, iluminación das estancias, etc.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A34	Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos básicos e de execución, esbozos e anteproxectos. (T)
A37	Capacidade para elaborar programas funcionais de edificios e espazos urbanos. (T)
A38	Capacidade para intervir en e conservar, restaurar e rehabilitar o patrimonio construído. (T)
A39	Aptitude para suprimir barreiras arquitectónicas. (T)
A40	Capacidade para exercer a crítica arquitectónica.
A46	Capacidade para aplicar normas e ordenanzas urbanísticas.
A51	Coñecemento axeitado dos métodos de estudio das necesidades sociais, a calidade de vida, a habitabilidade e os programas básicos de vivenda.
A52	Coñecemento axeitado da ecoloxía, a sostibilidade e os principios de conservación de recursos enerxéticos e medioambientais.
A53	Coñecemento axeitado das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental, así como dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos.
A55	Coñecemento axeitado da relación entre os patróns culturais e as responsabilidades sociais do arquitecto.
A56	Coñecemento axeitado das bases da arquitectura vernácula.
A57	Coñecemento axeitado da socioloxía, teoría, economía e historia urbanas.
A58	Coñecemento axeitado dos fundamentos metodolóxicos do planeamento urbano e a ordenación territorial e metropolitana.
A63	Elaboración, presentación e defensa ante un Tribunal Universitario dun traballo académico orixinal realizado individualmente relacionado con calquera das disciplinas cursadas.



B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saibam aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Coñecer a historia e as teorías da arquitectura, así coma as artes, tecnoloxías e ciencias humanas relacionadas con esta
B9	Comprender os problemas da concepción estrutural, de construcción e da enxeñería vinculados cos proxectos de edificios así como as técnicas de resolución destes
B10	Coñecer os problemas físicos, as distintas tecnoloxías e a función dos edificios de xeito que se dote a estes de condicións internas de comodidade e protección dos factores climáticos, no marco do desenvolvemento sostible
B12	Comprender as relacóns entre as persoas e os edificios e entre estes e o seu entorno, así como a necesidade de relacionar os edificios e os espazos situados entre eles en función das necesidades e da escala humana
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacóns (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

### Resultados de aprendizaxe

### Competencias /

### Resultados do título

Ao superar este asignatura, o alumno deberá estar en condicións de:

- Saber manexar ferramentas materiais de certa complexidade, e reforzar os seus argumentos culturais e intelectuais para poder acometer a ideación e desenvolvemento dun proxecto arquitectónico de mediana escala e complexidade.

A34 B1 C1  
A37 B2 C3

- Saber relacionar as diferentes escalas de análise e concreción do proxecto, dende a urbanística ata a escala de detalle, incluíndo elementos de definición constructiva, tales como os acabados e os cerramentos, e de deseño e definición estrutural.

A38 B3 C4  
A39 B4 C5  
A40 B5 C6

- Ser capaz de elaborar unha documentación técnica adecuada para un proxecto de mediana complexidade e escala, indicando con precisión a súa configuración formal, os seus aspectos materiais, constructivos, estruturais e de instalacóns, tendo en conta aspectos de normativa técnica e urbanística.

A46 B6 C7  
A51 B9 C8

- Aplicar sistemas de acondicionamento tendo en conta as normativas técnicas e os criterios relacionados coa sustentabilidade, as respostas enerxéticas pasivas e a optimización dos recursos enerxéticos.

A52 B10  
A53 B12

A55  
A56  
A57  
A58

A63

## Contidos

### Temas

### Subtemas



TEMA 1 - METODOLOXÍA DO PROXECTO II	<ul style="list-style-type: none"><li>- Ferramentas organizativas. Programa, uso e función.</li><li>- Ferramentas culturais. Tradición, historia e cultura do lugar.</li><li>- Edificio e ambiente: enerxía e comportamento pasivo.</li><li>- O uso colectivo. Espazos comúns, de relación e de reunión.</li><li>- Tratamento de espazos interiores. Material, cor, iluminación.</li><li>- Tratamento de espazos exteriores. Pavimentos, axardinamento, patios.</li></ul>
TEMA II - ARQUITECTURA E CIDADE	<ul style="list-style-type: none"><li>- Arquitectura pública e institucional.</li><li>- Arquitectura e patrimonio. A cidade histórica. A cidade herdada</li><li>- Arquitectura e paisaxe. Medio físico e cultural</li><li>- Linguaxe arquitectónica. Materialidade e estrutura</li></ul>
TEMA III - INTRODUCCIÓN Á NORMATIVA DE PROXECTO II	<ul style="list-style-type: none"><li>- Acondicionamento dos espazos. Iluminación, ventilación, sistemas.</li><li>- Instalacións dos edificios.</li><li>- Condicións de seguridade contra incendios e evacuación.</li><li>- Patrimonio, restauración e intervención arquitectónica.</li></ul>
EXERCICIO 1 - PROXECTO BÁSICO	<ul style="list-style-type: none"><li>- Análise urbana.</li><li>- Proxecto de equipamiento ou edificio con certa relevancia estructural nunha contorna non consolidada.</li><li>- Desenvolvemento da materialidade da proposta: construcción e estrutura.</li></ul>

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A58 B5 B6 C6	2	0	2
Análise de fontes documentais	A37 A40 B1 B3	0	8	8
Aprendizaxe colaborativa	B4 C1 C3	4	8	12
Discusión dirixida	B1 B4 C1 C3 C4	5	0	5
Esquemas	A34 A37 A58 B3 B4	0	8	8
Obradoiro	A34 A37 A38 A39 A46 A51 A52 A53 A63	15	18	33
Sesión maxistral	A56 A57 B9 B10 B12 C8	15	0	15
Traballos tutelados	A34 A38 A46 A52 A55 B9 C6	14	20	34



Proba obxectiva	A53 A55 A57 B6 C3	1	0	1
Eventos científicos e/ou divulgativos	A34 A51 A53 A55 A57 B5 B6 B12 C1 C4 C7 C8	8	0	8
Portafolios do alumno	A34 A37 A38 A39 A46 A51 A52 A55 A56 A58 A63 B2 B4 B5 B9 B10 B12 C3 C4 C5 C7 C8	0	20	20
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

#### Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Nas primeiras clases do curso formúlase ao alumno unha proba gráfica que permita coñecer o nivel previo co que parte o alumno. A devandita proba realizaña na aula.
Análise de fontes documentais	Antes de iniciar o desenvolvemento material dos traballos no TALLER, procederáse á análise das fontes documentais relacionadas co tema proposto mediante a utilización de documentos audiovisuais, bibliográficos, reportaxes documentais, paneis gráficos, fotografías, maquetas, artigos, textos informativos, normativa de aplicación, etc. Os grupos (profesor - alumnos) analizan a documentación dispoñible e amplíana, elaborando unha síntese das distintas fontes documentais. Complementábase esta análise con intervencións de profesionais da arquitectura e doutros campos, que serán invitados a efectuar charlas e coloquios con desenvolvemento de temas concretos e experiencias persoais.
Aprendizaxe colaborativa	A clase organízase en pequenos grupos de trabalho, onde os alumnos traballan conxuntamente para resolver as tarefas asignadas polo profesor. Organízase ao grupo para obter a máxima información posible e compartila (análise da parcela, busca de exemplos, de normativas, construcción da maqueta xeral do emprazamento, toma de datos ou medicións in situ, tratamiento infográfico da documentación obtida, etc.). Este trabalho está guiado de forma presencial polo profesor asignado. Trátase de optimizar a aprendizaxe individual e o do grupo.
Discusión dirixida	Tanto o trabalho de grupo coma o individual expónense de xeito público para incitar os membros do grupo a intervir no proceso creativo propio e alleo, de forma libre, informal e espontánea.
Esquemas	Os datos obtidos nas análises, así como as intencións do proxecto, exprésanse de forma gráfica simplificada nas primeiras fases de cada trabalho. Son as fases de información previa e anteproxecto.
Obradoiro	Os proxectos desenvólvense mediante a combinación de diversas metodoloxías e probas: asistencia a exposicións, conferencias, análise de problemas concretos do programa. O alumno realiza tarefas eminentemente prácticas en cada un dos exercicios do curso, sempre baixo o apoio e supervisión do profesorado.
Sesión maxistral	Periodicamente realizanse conferencias ou exposicións, relacionadas co tema a tratar en cada exercicio. Onde o relator expón de forma oral e/ou gráfica a información aos alumnos.
Traballos tutelados	Preténdese promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela do profesor. Refírese á aprendizaxe de "como facer as cousas"; na que é o estudiante o que asume a responsabilidade da súa formación.
Proba obxectiva	Farase unha proba obxectiva sobre os contidos presentados nas sesións expositivas, que configuran o marco teórico e normativo da asignatura.
Eventos científicos e/ou divulgativos	- Asistencia a eventos culturais: Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.), indicadas polo profesorado como parte do contido docente, co obxectivo de profundizar no coñecemento de temas de estudio relacionados coa materia. - Participación en exposicións e/ou publicacións: Preparación de materiais síntese dos traballos realizados na materia para a súa publicación e/ou exposición pública.
Portafolios do alumno	Como resultado do seu trabalho ao final do cuatrimestre, o alumno terá elaborado o seu portafolio da materia, accesible a través da plataforma docente Moodle. Este obxecto final, desenvolvido a través das sesións en grupos e no taller, servirá de base á cualificación e currículum persoal do alumno.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Obradoiro	O alumno recibe atención personalizada concernente ao traballo que está a desenvolver na materia e no Taller, a través do profesor do grupo ao que fose asignado. No Taller, ademais, terá a posibilidade de comentar e obter revisións críticas por parte dos profesores dos demais grupos e materias, para poder contrastar opinións e criterios e confrontalos cos propios.
Discusión dirixida	
Eventos científicos e/ou divulgativos	
Traballos tutelados	O portafolios do alumno será obxecto de revisións personalizadas, para observar a súa evolución e constatar a súa autoría.
Portafolios do alumno	Condicións específicas relativas á mobilidade para alumnos saíntes e entrantes: - A asignatura contempla exclusivamente a avaliação continua para todos os alumnos, ata para aqueles en programas de mobilidade, saínte ou entrante, para os que rexerán as mesmas condicións de avaliação e asistencia que para o resto, e sen prexuízo de que se poida prestar atención específica ao alumnado entrante por causa lingüística ou diferenzas manifestas entre as Escolas de orixe e destino.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Eventos científicos e/ou divulgativos	A34 A51 A53 A55 A57 B5 B6 B12 C1 C4 C7 C8	A asistencia a eventos culturais e a participación en exposicións e/ou publicacións indicados polo profesorado da materia como parte do contido docente do curso, poderán pasar a formar parte dos contidos da docencia expositiva, e conformar así unha parte da avaliação do alumnado.	5
Proba obxectiva	A53 A55 A57 B6 C3	Os coñecementos instrumentais contidos no temario de docencia expositiva do curso serán avaliados mediante unha proba obxectiva de asistencia presencial obligatoria.	5
Portafolios do alumno	A34 A37 A38 A39 A46 A51 A52 A55 A56 A58 A63 B2 B4 B5 B9 B10 B12 C3 C4 C5 C7 C8	O resultado final dos traballos realizados na materia plasmarase no portafolios persoal do alumno, dispoñible e accesible a través da plataforma docente Moodle. Avalíanse os resultados, pero a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo persoal e a evolución intelectual do alumno deberán aparecer reflectidos na documentación final.	90

## Observacións avaliación



Para poder superar a materia será necesario cumplir os seguintes requisitos:

1º Entregar todos os traballos propostos nos prazos e formas indicados na materia.

2º Asistir regularmente a clases e ao Taller. Esixirse unha asistencia mínima do 80%

Terá a condición de NON PRESENTADO o/a alumno/a que se atope nalgunha das seguintes circunstancias:

1º Non cumpra a asistencia esixida ás clases e ao Taller.

2º Non entregue os traballos propostos en forma e prazo, ou os entregue incompletos. Consideraranse incompletos aqueles traballos que non conteñan a documentación requerida en tódalas asignaturas que componen o Taller.

3º Non asista á proba obxectiva.

NOTA: PARA PODER SUPERAR A MATERIA, ESIXIRASE AS SEGUINTE CUALIFICACIÓNNS MÍNIMAS: 3

PUNTOS NA PROBA OBXECTIVA E 4 PUNTOS EN CADA UN DOS TRABALLOS QUE

COMPUTAN NA AVALIACIÓN,

- De acordo co establecido na memoria do Título de Grao en Estudos de Arquitectura, convocarase unha Xunta de Avaliación do Taller, que analizará os resultados globais do mesmo e dirimirá, no seu caso, sobre casos puntuais de avaliación do alumnado.

- De acordo co establecido na memoria do Título de Grao en Estudios de Arquitectura, os alumnos que non superen nas dúas oportunidades de cada convocatoria a materia de Proxectos deberán asistir ao Taller do ano seguinte. As probas das diferentes oportunidades permitirán aos alumnos completar e modificar total ou parcialmente os traballos presentados no Taller, para poder así superar a asignatura.

TEMPO PARCIAL. Medidas de adicación para o alumnado a tempo

parcial: non se contemplan, debido a que se trata dunha materia na que o  
obradoiro é a metodoloxía fundamental.

Dispensa académica de exención de asistencia. Non se contempla,  
por ser unha materia na que o obradoiro é a metodoloxía fundamental.

PLAXIO. A detección de plaxio, así como a realización  
fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada,  
implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na  
convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en  
todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

## Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- VVAA (2007). Normas do hábitat galego. <a href="http://igvs.xunta.es/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/normashabi">http://igvs.xunta.es/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/normashabi</a></li><li>- VVAA (2010). Código Técnico de la Edificación. <a href="http://www.codigotecnico.org/web/recursos/documentos/">http://www.codigotecnico.org/web/recursos/documentos/</a></li><li>- VVAA (2008). Un complejo hotelero en Randan. A Coruña, UDC</li><li>- VVAA (2009). Escuela de música y albergue en St. Klara, Regensburg. A Coruña, UDC</li><li>- VVAA (2007). La plaza de Pontevedra y el frente marítimo del Orzán. A Coruña, UDC</li><li>- PROYECTOS III (Plan Antiguo) (). IACOBUS: Rehabilitación del Patrimonio Europeo. <a href="http://blogiacobus.wordpress.com/">http://blogiacobus.wordpress.com/</a></li><li>- AUGÉ, Marc (). Los no lugares. Gedisa</li><li>- ZUMTHOR, Peter (). Thinking architecture. Birkhäuser</li><li>- ASCHNER ROSELLI, Juan Pablo (2009). ¿Cómo concebir un proyecto arquitectónico?. deArq (Revista digital) num. 05</li><li>- TANIZAKI, Junichiro (1933). El elogio de la sombra. Siruela</li><li>- NEUFERT, Ernst (2007). Arte de Proyectar en Arquitectura. Barcelona, G.G.</li><li>- DAZA CAICEDO, Ricardo (2008). Buscando a Mies. Barcelona: ACTAR</li><li>- PEDRÓS FERNÁNDEZ, Óscar (2020). El Motor de los Sueños. Diez momentos en la génesis del proyecto arquitectónico. A Coruña: Labirinto de Paixóns</li><li>- DEPLACES, Andrea (2010). Construir la arquitectura: del material en bruto al edificio. Barcelona: Gustavo Gili</li></ul>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- TORRES TUR, Elías (2005). Luz cenital. Barcelona, Col·legi d'Arquitectes de Catalunya</li><li>- MONTEYS, X., FUERTES, P. (2001). Casa Collage. Barcelona, G.G.</li><li>- KOOLHAAS, Rem (2007). Conversaciones con estudiantes. Barcelona, G.G.</li><li>- DAZA, Ricardo (2000). Buscando a Mies. Barcelona, Actar Publishers</li><li>- SLOTERDIJK, Peter (1998-2004). Esferas . Siruela</li><li>- DELEUZE, Gilles, GUATTARI, Félix (1994). Mil Mesetas. Capitalismo y esquizofrenia. Pre-textos</li><li>- BANHAM, Reyner (1965). TEORIA Y DISEÑO ARQUITECTONICO EN LA ERA DE LA MAQUINA . Buenos Aires: Nueva Visión</li><li>- BACHELARD, Gaston (). LA POETICA DE LA ENSOÑACION . Madrid: Fondo de Cultura Económica de España</li><li>- BAÑA HEIM, José (1980). COSTA DE LA MUERTE. Historia y anecdotario de sus naufragios. A Coruña: Gráficas Venus</li></ul>

Recomendación	
Materias que se recomienda cursar previamente	
Construcción 3/630G01022	
Urbanística 2/630G01024	
Proyectos 4/630G02016	
Estructuras 2/630G02023	
Materias que se recomienda cursar simultáneamente	
Construcción 4/630G01027	
Urbanística 3/630G01029	
Estructuras 3/630G02028	
Materias que continúan o temario	
Proyectos 6/630G02026	
Observación	

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías